

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

13267 *Real decreto 690/2021, do 3 de agosto, polo que se regula o Fondo de Restauración Ecolóxica e Resiliencia, FCPX.*

I

O Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na súa disposición derradeira sexta, modifica o artigo 78 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, para crear o Fondo de Restauración Ecolóxica e Resiliencia, FCPX (en diante, FRER), de acordo co previsto no artigo 137 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este fondo carente de personalidade xurídica substitúe o anterior Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, creado pola Lei 42/2007, do 13 de decembro, para pór en práctica aquelas medidas destinadas a apoiar a consecución dos obxectivos da lei, así como a xestión forestal sustentable, a prevención estratéxica de incendios forestais e a protección de espazos forestais e naturais en cuxo financiamento participase a Administración xeral do Estado.

O novo fondo ten por obxecto pór en práctica aquelas medidas destinadas a apoiar a consecución dos obxectivos para lograr a transición a un modelo produtivo e social máis ecolóxico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no ámbito de competencias do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en materia de: a) augas e dominio público hidráulico; b) costas, protección e conservación do mar e do dominio público marítimo-terrestre; c) cambio climático, a súa mitigación e adaptación e o fortalecemento da resiliencia climática; d) prevención da contaminación, fomento do uso de tecnoloxías limpas e hábitos de consumo menos contaminantes e máis sustentables, de acordo coa política de economía circular; e) protección do patrimonio natural, da biodiversidade e dos bosques; f) meteoroloxía e climatoloxía, e g) calquera outra que teña atribuída o Ministerio a través da Secretaría de Estado de Medio Ambiente e dos seus organismos públicos.

Ademais do seu obxecto, a súa lei de creación recolle as principais liñas reguladoras do novo instrumento que, xunto co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o resto das normas de dereito administrativo xeral e especial que lle sexa de aplicación, conforman o réxime xurídico a que o Fondo está suxeito.

Non obstante, cómpre que por vía regulamentaria se concreten algunhas cuestións que requiren dun maior desenvolvemento. Co fin de completar a regulación establecida na súa lei de creación, dítase este real decreto, que desenvolve o relativo á natureza do Fondo e os seus fins, o seu financiamento, o seu ámbito e instrumentos de actuación, os seus órganos de contratación, as normas de xestión e avaliación que lle serán de aplicación, así como o seu réxime económico e orzamentario.

Este real decreto regula unicamente a actuación do FRER relacionada coas potestades de execución das políticas ambientais recollidas nel relativas a competencias de execución da Administración xeral do Estado, pero non regula o procedemento de execución daquelas accións que correspondan ás comunidades autónomas, cuxo financiamento non se producirá a través do Fondo, senón a través dos mecanismos habituais de territorialización de fondos de acordo cos acordos adoptados en conferencia sectorial.

II

Este real decreto responde á necesidade de articular mecanismos que garantan a adecuada execución dos fondos derivados do Plan «Next Generation EU», o Fondo de Recuperación Europeo, que se articula a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia, regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e co que se financiará o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O Mecanismo de recuperación e resiliencia ten como obxectivo axudar financeiramente os Estados membros para que realicen reformas e investimentos co obxectivo de mitigar o impacto da COVID-19 e mellorar a cohesión económica e social da Unión Europea, garantindo unha resposta europea coordinada cos Estados, a partir dunha formulación innovadora co obxectivo de impulsar a converxencia, a resiliencia e a transformación na Unión Europea.

O Plan «Next Generation EU» permitirá a España obter financiamento por até 140.000 millóns de euros, dos cales arredor de 70.000 millóns se prevé que se desembolsen en forma de transferencias e ao resto de fondos poderase optar a través de préstamos.

Por todo isto, no ámbito das competencias do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e nas materias anteriormente destacadas e recollidas no artigo 78.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e no artigo 4 deste real decreto, creouse o FRER como instrumento financeiro, co fin de garantir a adecuada execución dos fondos europeos.

III

O regulamento que se aproba mediante o presente real decreto componse de catorce artigos estruturados en tres capítulos, catro disposicións adicionais e tres disposicións derradeiras.

O capítulo primeiro, relativo ás disposicións xerais, abrangue do artigo 1 ao 7. Nel precísanse o obxecto e a finalidade do FRER e a súa natureza xurídica e adscrición; regúlanse o financiamento do Fondo e as actuacións financiadas con cargo a el; enuméranse as operacións e medidas de apoio a través das cales se instrumentan as actuacións financiadas, así como os órganos competentes para a contratación e a compatibilidade das liñas de financiamento establecidas con outras axudas ou subvencións.

O capítulo segundo (artigos 8 a 13) contén as normas de xestión, organización e avaliación do FRER, divididas en tres seccións, a primeira dedicada a regular as normas de xestión; a segunda, a organización, e a terceira, as normas de seguimento, avaliación e control dos proxectos do Fondo.

Na sección primeira recóllense os principios reitores e directrices da xestión e administración do FRER e prevese a posibilidade de realizar, con cargo ao FRER, encomendas de xestión e encargos, así como de solicitar asistencias técnicas, subscribir convenios e calquera outra actuación recollida na lexislación vixente.

A sección segunda regula a composición e o funcionamento do Consello Reitor, como órgano de xestión e dirección do FRER, e da Oficina Técnica, como órgano de apoio e asistencia técnica ao Consello Reitor.

E a sección terceira refírese aos sistemas de seguimento, control e avaliación, de acordo co previsto no artigo 46 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, respecto ao seguimento dos proxectos financiados polo Fondo.

Finalmente, o capítulo III regula o réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control do Fondo no artigo 14 do real decreto.

A disposición adicional primeira versa sobre a coordinación e colaboración coas comunidades autónomas a través da Comisión Sectorial de Medio Ambiente e a

disposición adicional segunda, sobre a composición do órgano reitor do FRER en caso de que se aproben reorganizacións administrativas.

A disposición adicional terceira refírese ás eventuais necesidades de medios persoais e materiais que comporte a creación e o funcionamento do Fondo e a disposición adicional cuarta aclara que a creación e o funcionamento da Oficina Técnica non suporán incremento neto dos gastos de persoal.

Por último, inclúense tres disposicións derradeiras relativas ao título competencial, á habilitación para o desenvolvemento do real decreto e á súa entrada en vigor, que terá lugar o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

IV

Este real decreto encontra o seu fundamento legal no artigo 78 e na disposición derradeira oitava da Lei 42/2007, do 13 de decembro, que habilita o Goberno, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da dita lei. Ademais, adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deste modo, responde aos principios de necesidade e eficacia, ao se tratar dunha norma imprescindible para garantir o bo funcionamento do FRER como instrumento de execución dunha parte importante dos fondos destinados a implementar o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O principio de seguridade xurídica queda garantido pola súa coherencia co resto do ordenamento xurídico, tanto a súa lei de creación como o resto de normas de dereito administrativo que lle son aplicables.

Esta norma cumpre co principio de proporcionalidade, xa que dá resposta concreta á habilitación ao Goberno, contida na disposición derradeira oitava da Lei 42/2007, do 13 de decembro, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da dita lei. Ademais, a norma non restrinxe ningún dereito nin impón ningunha obrigaición aos cidadáns.

Finalmente, é conforme coas exixencias dos principios de transparencia e de eficiencia e non establece cargas administrativas suplementarias.

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e lexislación básica en materia de protección do ambiente.

De acordo co disposto no artigo 47 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e dado que este real decreto se dita no marco da execución dos fondos europeos para o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a súa tramitación terá o carácter de urxente para os efectos e co alcance previsto no artigo 27.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular o fondo carente de personalidade xurídica Fondo de Restauración Ecolóxica e Resiliencia, FCPX (en diante, FRER), en

desenvolvemento do disposto no artigo 78 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

2. O FRER ten como finalidade desenvolver aquelas medidas destinadas a apoiar a consecución dos obxectivos previstos no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia no ámbito de competencias do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, nas materias sinaladas no artigo 4.

3. Para tal fin, o FRER poderá financiar accións de natureza anual e plurianual da Administración xeral do Estado, no seu ámbito de competencias. Así mesmo, poderá actuar como instrumento de cofinanciamento destinado a asegurar a cohesión territorial, exclusivamente na medida en que sexan compatibles cos obxectivos asignados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Artigo 2. *Natureza xurídica e adscrición.*

1. O FRER é un fondo carente de personalidade xurídica de acordo co disposto nos artigos 84, 137, 138 e 139 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. O FRER estará adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, á cal lle corresponde a súa dirección estratéxica.

Artigo 3. *Financiamento.*

1. Os recursos para financiar as medidas con cargo ao FRER provirán das dotacións que se lle asignen nos orzamentos xerais do Estado, dos remanentes de exercicios anteriores e das devolucións ou retornos de operacións realizadas con cargo a este.

2. De acordo co previsto no artigo 64 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o FRER dotarase dun orzamento de explotación e capital que figurará nos orzamentos xerais do Estado, nos termos previstos no dito artigo.

3. Nos supostos en que así o prevexa o Consello Reitor, poderán establecerse dotacións que sexan obxecto de cofinanciamento por aqueles instrumentos financeiros da Unión Europea destinados aos mesmos fins, de acordo co que prevexan as disposicións aplicables a estes.

Artigo 4. *Actuacións financiáveis con cargo ao Fondo.*

1. De acordo co artigo 78.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, o FRER financiará actuacións previstas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia no ámbito de competencias do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en materia de:

- a) Augas e dominio público hidráulico.
- b) Costas, protección e conservación do mar e do dominio público marítimo-terrestre.
- c) Cambio climático, a súa mitigación e adaptación e o fortalecemento da resiliencia climática.
- d) Prevención da contaminación, fomento do uso de tecnoloxías limpas e hábitos de consumo menos contaminantes e máis sustentables, de acordo coa política de economía circular.
- e) Protección do patrimonio natural, da biodiversidade e dos bosques.
- f) Meteoroloxía e climatoloxía.
- g) Calquera outra que teña atribuída o Ministerio a través da Secretaría de Estado de Medio Ambiente e dos seus organismos públicos.

2. Así mesmo, con cargo ao FRER poderanse financiar actuacións relativas á dixitalización dos ámbitos mencionados no punto anterior.

Artigo 5. *Tipoloxía de operacións e apoios do Fondo.*

O FRER instrumenta as medidas de apoio ás actuacións da Secretaría de Estado de Medio Ambiente nos ámbitos previstos no artigo 4, que permiten a consecución dos obxectivos previstos no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a través de:

- a) Subvencións, de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Corresponderá a aprobación das bases reguladoras á persoa titular do departamento e deben recibir informe da intervención delegada do departamento e dos servizos xurídicos. O órgano concedente da subvención será a persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente.
- b) Contratos subscritos de acordo coa lexislación aplicable conforme o disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- c) Convenios con suxeitos de dereito público e privado, de acordo co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- d) Encargas a medios propios personificados, de acordo co previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro.
- e) Encomendas de xestión, de acordo co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Todo isto sen prexuízo da aplicación das especialidades previstas no Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Artigo 6. *Órganos de contratación.*

1. As contratacións que efectúe o FRER realizaranse a través dos seguintes órganos de contratación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico:

- a) A persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente.
- b) A Xunta de Contratación, no ámbito previsto na Orde pola que se crean e se regulan a Xunta de Contratación e a Mesa Única de Contratación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

2. Os órganos de contratación aplicarán o réxime xurídico previsto para as administracións públicas na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Artigo 7. *Compatibilidade de axudas.*

1. As liñas de financiamento que se establezan en virtude deste real decreto serán compatibles con calquera outra axuda ou subvención que outorguen outras administracións públicas, autonómicas ou locais, organismos nacionais ou internacionais, conforme o dereito da Unión Europea, sempre que non superen o custo do proxecto ou proxectos para os cales se solicita financiamento e sen prexuízo do disposto nas bases reguladoras das subvencións, respectando en todo caso o réxime de axudas de Estado e evitando o dobre financiamento.

En calquera caso, resultará de aplicación o disposto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, para evitar o dobre financiamento procedente do Mecanismo e doutros programas da Unión.

2. Para asegurar o cumprimento das condicións recollidas no número anterior, exixírase ás entidades solicitantes unha declaración responsable acerca de todas as axudas públicas ou *de minimis*, de acordo co disposto no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do

Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, que teñan concedidas ou solicitadas para o mesmo proxecto ou proxectos que se pretenda financiar.

3. De acordo co artigo 78.6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, en ningún caso, con cargo ao FRER, se poderán conceder subvencións que poidan ter por efecto o outorgamento, a unha ou máis entidades, no exercicio dunha actividade económica e independentemente da súa forma xurídica, de vantaxes que poidan dar lugar ao falseamento da competencia no mercado interior e que sexan susceptibles de afectar os intercambios comerciais entre os Estados membros.

CAPÍTULO II

Xestión, organización e avaliación do Fondo

Sección 1.^a Xestión do Fondo

Artigo 8. *Principios reitores e directrices da xestión e administración.*

A xestión e administración do FRER realizarase conforme os principios e de acordo coas directrices de xestión establecidas nos artigos 3 e 4 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, nas ordes ministeriais que desenvolvan o Sistema de xestión, da subministración de información e seguimento, e nas instrucións que dite a autoridade responsable no exercicio da súa competencia para facer efectivo o réxime de xestión directa polos servizos da Comisión Europea.

Artigo 9. *Xestión do Fondo.*

1. Con cargo ao FRER, para levar a cabo a súa xestión, poderase:
 - a) Subscribir encomendas de xestión, de acordo co previsto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
 - b) Realizar encargos a medios propios personificados, de acordo co previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro.
 - c) Solicitar asistencia técnica, seguindo o procedemento de contratación previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro.
 - d) Subscribir convenios con entidades do sector público especializadas en actividades que poidan ser relevantes para a actividade do Fondo, de acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro.
 - e) Realizar calquera outra actuación recollida na lexislación vixente.

2. A súa xestión axustarase, en todo caso, ás normas que en cada momento resulten aplicables ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en especial o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, ou normas que as substitúan.

Sección 2.^a Organización do Fondo

Artigo 10. *Organización.*

1. A xestión e dirección do FRER levarase a cabo a través dun consello reitor.
2. Como órgano de apoio e asistencia técnica ao Consello Reitor no exercicio das súas funcións créase a Oficina Técnica do Fondo, que exercerá as funcións establecidas no artigo 12.

Artigo 11. *Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor do FRER, que estará adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, terá a seguinte composición:

- a) Presidencia: a persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente.
- b) Vicepresidencia: a persoa titular da Subsecretaría para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- c) Vogais, todos eles con voz e voto:

- 1.º A persoa titular da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- 2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertización.
- 3.º A persoa titular da Dirección Xeral da Auga.
- 4.º A persoa titular da Dirección Xeral da Costa e do Mar.
- 5.º A persoa titular da Oficina Española para o Cambio Climático.
- 6.º A persoa titular da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.
- 7.º A persoa titular da Presidencia da Axencia Estatal de Meteoroloxía.
- 8.º A persoa titular da Dirección do Organismo Autónomo Parques Nacionais.
- 9.º A persoa titular da Dirección Xeral de Servizos.
- 10.º A persoa titular da Dirección da Fundación Biodiversidade.
- 11.º A persoa titular da Dirección do Gabinete do Secretario de Estado de Medio Ambiente.

d) Secretaría: corresponderá a un funcionario da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, designado pola persoa titular da dita Secretaría de Estado, que asistirá ás reunións con voz e voto.

A persoa titular da Presidencia, por proposta dos membros titulares, poderá designar suplentes con rango, ao menos, de subdirector xeral, que substituirán aqueles en casos de ausencia, enfermidade, ou cando concorra algunha outra causa legal xustificada.

En casos de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, a persoa titular da Presidencia será substituída pola persoa titular da Vicepresidencia e, na súa falta, polo membro do órgano colexiado de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

A persoa titular da Presidencia poderá invitar a asistir ás reunións, con voz pero sen voto, representantes doutros departamentos ministeriais e entidades do sector público, así como persoas expertas, se o considera conveniente en función dos asuntos incluídos na orde do día.

2. O Consello Reitor terá as seguintes funcións:

- a) Establecer anualmente as directrices políticas xerais para o desenvolvemento e execución do FRER.
- b) Establecer os criterios e requisitos xerais de selección dos investimentos e actuacións que desenvolverá o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico con cargo ao Fondo, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no Regulamento UE 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, na orde ministerial que regule o Sistema de xestión e no resto de normativa que resulte de aplicación.
- c) Aprobar as actuacións e proxectos financiados polo FRER, de acordo coas propostas realizadas pola Oficina Técnica.
- d) Xestionar e aprobar as propostas de orzamentos de explotación e capital, así como a súa modificación.
- e) Aprobar as contas anuais nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

f) Aprobar a memoria explicativa do contido do Fondo, da execución do exercicio anterior e da previsión da execución do exercicio corrente, logo de remisión ao Ministerio de Facenda.

g) O seguimento estratéxico e avaliación do Fondo, cuxo resultado se plasmará na memoria explicativa, sen prexuízo das actuacións de supervisión continua que procedan segundo a normativa de aplicación e, en particular, a que exerza o Ministerio de Facenda a través da Intervención Xeral da Administración do Estado.

h) Establecer un sistema de control do cumprimento da regulación aplicable ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como os sistemas para elaborar a información necesaria sobre os avances na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e para as solicitudes de pagamento previstas no dito regulamento.

i) Establecer as dotacións que sexan obxecto de cofinanciamento por aqueles instrumentos financeiros da Unión Europea destinados aos mesmos fins ademais de, se for o caso, con outras fontes de financiamento.

j) Aprobar as propostas de encomendas de xestión, encargas, convenios, subvencións, contratos ou préstamos.

k) Ditar, con carácter xeral, as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento das funcións do Fondo.

l) A execución daquelas actividades ou funcións que se lle atribúan no marco das estruturas de gobernanza do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

3. O réxime xurídico de actuación do Consello Reitor axustarase ao disposto na sección 3.º do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 12. *Oficina Técnica.*

1. Para levar a cabo as funcións que ten encomendadas, o FRER contará co apoio e asistencia dunha Oficina Técnica adscrita á Secretaría de Estado de Medio Ambiente.

2. A Oficina Técnica estará integrada por unha estrutura de persoal propia para desempeñar a súa xestión administrativa interna e contará cun director, que será un funcionario do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico con nivel 29 ou 30, designado pola persoa titular da dita Secretaría de Estado.

3. A Oficina Técnica terá as seguintes funcións:

a) Identificar as actuacións e proxectos financiados polo FRER.

b) Proporcionar soporte técnico ao Consello Reitor, facilitando toda a documentación que sexa necesaria para o desenvolvemento das súas funcións.

c) Elaborar a proposta de orzamentos de explotación e capital.

d) Elaborar a memoria explicativa do contido do Fondo, da execución do exercicio anterior e da previsión da execución do exercicio corrente.

e) Elaborar as propostas dos convenios, encomendas de xestión, encargas, subvencións, contratos ou préstamos que sexan necesarios de acordo co previsto no artigo 5, para a súa aprobación polo Consello Reitor, e posterior adopción conforme o previsto no ordenamento xurídico.

f) Calquera outra función e actividade que lle delegue a persoa titular da Presidencia, da Vicepresidencia ou o Consello Reitor.

g) Informar e asistir o Consello Reitor no seguimento da execución do Fondo.

h) Elaborar as orientacións, modelos tipos e manuais para contratacións, subvencións, convenios ou calquera outro que se considere que podería servir de orientación aos xestores por razóns de eficacia ou eficiencia no ámbito de actuación do Fondo e de acordo coas directrices que, se for o caso, estableza o Comité Técnico para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

i) Aprobar recomendacións ou orientacións sobre a adopción de ferramentas informáticas ou dixitais no ámbito de actuación do Fondo e de acordo coas directrices

que, se for o caso, estableza o Comité Técnico para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

j) As demais previstas neste real decreto.

4. A Oficina Técnica poderá requirir a colaboración de calquera órgano da Secretaría de Estado de Medio Ambiente para o desenvolvemento das funcións que lle son propias.

5. A Oficina Técnica do FRER poderá axudarse, para a realización das súas tarefas, de apoio material ou técnico externo mediante calquera dos instrumentos previstos no artigo 9.1 de acordo coa normativa administrativa que resulte de aplicación.

Sección 3.^a Seguimento, avaliación e control dos proxectos do Fondo

Artigo 13. Sistemas de seguimento, control e avaliación.

1. Resultará de aplicación o previsto no artigo 46 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, respecto ao seguimento dos proxectos financiados polo Fondo e conforme os requirimentos que se definan na orde ministerial que regule o Sistema de xestión.

2. A supervisión e control do Fondo corresponderá ao Consello Reitor. A persoa titular da Presidencia terá a consideración de contadante a que se refire o artigo 138 da Lei 47/2003, do 26 de decembro.

O Consello Reitor, no exercicio da súa función de seguimento e avaliación do Fondo, prestará especial atención á contribución do Fondo ao logro dos fins previstos no artigo 1, números 1 e 3, do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, así como á suficiencia de medios materiais e persoais ou, se for o caso, á necesidade de adoptar algunhas das medidas adicionais previstas nos artigos 33 a 36 do citado real decreto lei.

3. O Consello Reitor establecerá un sistema de control do cumprimento da regulación aplicable ao Mecanismo de recuperación e resiliencia para asegurar o cumprimento de todos os requirimentos necesarios, tanto nacionais como europeos, incluído o Regulamento UE 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como os sistemas para elaborar a información necesaria sobre os avances na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para as solicitudes de pagamento previstas no dito regulamento, conforme as directrices da orde ministerial que regule o Sistema de xestión e, se for o caso, da autoridade responsable.

Así mesmo, serán de aplicación os sistemas de seguimento e control establecidos polo Ministerio de Facenda e Función Pública para os fondos carentes de personalidade xurídica, así como para o financiamento procedente do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

4. Á Secretaría de Estado de Medio Ambiente corresponderalle avaliar a eficacia dos programas de investimento realizados, ben directamente ou, se for o caso, a través dos procedementos de xestión externa que se articulen e estean previstos na normativa do réxime xurídico do sector público e de contratación administrativa.

5. De acordo co previsto no artigo 85 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o Fondo contará, no momento da súa creación, cun plan de actuación, que aprobará a persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente e que conterá as liñas estratéxicas arredor das cales se desenvolverá a actividade da entidade, logo de informe preceptivo da Intervención Xeral da Administración do Estado.

As liñas estratéxicas deste plan revisaranse cada tres anos, tendo en conta o resultado do seguimento e avaliación do Fondo, que corresponde ao Consello Reitor, e da avaliación de eficacia dos programas de investimento, que corresponden á Secretaría de Estado, e completaranse con plans anuais que desenvolverán o de creación para o exercicio seguinte.

A inspección de servizos do departamento desenvolverá as actuacións precisas para avaliar o cumprimento dos obxectivos propios do FRER e a adecuada utilización dos

seus recursos, de acordo co establecido no seu plan de actuación e as súas actualizacións anuais.

6. A xestión, o seguimento dos fitos e obxectivos, a rendición de contas en relación co seu cumprimento e a información que se proporcionará ao sistema de xestión farana, no que ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia respecta, os órganos que teñen orixinariamente atribuída a competencia no Plan, de acordo coa distribución de fitos e obxectivos marcados no CID (*Council Implementing Decision*; decisión de execución do Consello) e no OA (*Operational Arrangement*; acordo operacional) e seguindo o réxime xurídico que lles resulta de aplicación con carácter xeral a estes.

CAPÍTULO III

Réxime orzamentario e económico

Artigo 14. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control do Fondo.*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control do FRER será o previsto para os fondos carentes de personalidade xurídica na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Non obstante, respecto dos gastos relacionados coas actuacións incluídas no Mecanismo de recuperación e resiliencia, deberá levarse contabilidade separada de acordo coas regras da contabilidade pública, de forma que se dispoña da información homoxénea necesaria para o seguimento nos termos previstos no artigo 46 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a orde a que se refire o número 6 do dito artigo e as instrucións que poida ditar ao respecto a Intervención Xeral da Administración do Estado.

2. O Consello Reitor aprobará anualmente, de conformidade co disposto nos artigos 64 e 65 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, os orzamentos de explotación e capital do FRER, para a súa tramitación na forma establecida no artigo 66 da citada lei e a súa integración nos orzamentos xerais do Estado.

3. A persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue asinará as propostas de modificación do orzamento, os expedientes de aprobación do gasto, as encargas, as subvencións e contratos.

4. A contabilidade do Fondo axustarase ás normas contables relativas aos fondos carentes de personalidade xurídica e ao rexistro das operacións de tales fondos nas entidades achegantes do sector público administrativo que aprobe a Intervención Xeral da Administración do Estado.

En todo caso e co fin de facilitar e cumprir os requisitos de información do Sistema de xestión e seguimento acordado coa Comisión Europea, a información contable, así como a vinculada a fitos e obxectivos, subministrarse ao Sistema de información do Plan de recuperación, transformación e resiliencia en termos de contabilidade pública.

5. A rendición de contas realizarase ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, conforme o previsto no capítulo IV do título V da Lei 47/2003, do 26 de novembro. As contas irán acompañadas do informe de auditoría nos termos establecidos nos artigos 163 e 168 da citada lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

6. A formulación, a posta á disposición e a rendición de contas corresponden á persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente como presidente do Consello Reitor. O Consello Reitor examinará e, se for o caso, aprobará as contas auditadas.

7. Conforme o artigo 90 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, este fondo sen personalidade xurídica estará integrado no concepto de Tesouro Público. Cando se cumpra algunha das circunstancias que xustifique a extinción do FRER, o xestor responsable da administración da súa tesouraría reintegrará os seus remanentes ao Tesouro Público, encargado da xestión da tesouraría do Estado.

Disposición adicional primeira. *Coordinación e colaboración coas comunidades autónomas.*

Periodicamente, a Comisión Sectorial de Medio Ambiente analizará a complementariedade e as externalidades das distintas actuacións a cargo das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado, co obxecto de velar pola coherencia do conxunto de actuacións desenvolvidas e no marco global dos obxectivos que definen o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Disposición adicional segunda. *Cambios na composición do órgano reitor do Fondo.*

En caso de que se aproben reorganizacións administrativas, a representación no Consello Reitor corresponderá ás persoas titulares dos órganos que asuman as competencias dos órganos que están previstos na súa regulación.

Disposición adicional terceira. *Medios persoais e materiais.*

As necesidades de medios persoais e materiais que comporte a creación e funcionamento do Fondo atenderanse nos termos establecidos nos artigos 33, 34, 35 e 36 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, de acordo co establecido no instrumento de planificación estratéxica para a xestión do departamento.

A participación no Consello Reitor do Fondo, así como a presenza de expertos, non suporá indemnizacións por razón do servizo.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento de gasto público.*

A creación e funcionamento da Oficina Técnica regulada no artigo 12 deste real decreto non suporá incremento neto de gastos de persoal, de acordo co disposto na disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2021.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para ditar cantas normas sexan necesarias no desenvolvemento e aplicación do previsto no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma o 3 de agosto de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta terceira do Goberno
e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ